




41 | MAIO 2021

**NUMAX
PRESENTA:**



Librería



Libro do mes


Lixeiro
Ismael Ramos
XERAIS
12,50€



De certo, a vida ía en serio
Xela Arias / Mª Xesús Nogueira
CHAN DA PÓLVORA
17,00€




A orde dos obxectos
Mario Losada
FUNDACIÓN EUSEINO?
12,00€




Frágiles
Remedios Zafra
ANAGRAMA
18,90€



Informe a la subcomisión de cuaternario
Jorge Riechmann
ÁRDORA EDICIONES
24,00€



Aprender a vivir y a morir en el antropoceno
Roy Scranton
ERRATA NATURAE
19,00€



Destempo
Silvia Bardelás
BARTANTESA
18,00€



Alguien camina sobre tu tumba
Mariana Enriquez
ANAGRAMA
19,90€



Mi hermano
Daniel Pennac
LITERATURA RANDOM HOUSE
16,90€



**17 DE
MAIO**

Día das
Letras Galegas
Xela Arias



**10%
DESCONTO**
en libros en galego



#02
Intemperiadas ◦ →
Correspondencias
interartes con
Xela Arias

Librería Numax
Abril-outubro 2021

NUMAX



Sábado 15 de maio | 13:30*
IO MORALES
malus sylvestris



*Prazas limitadas
Reserva previa en comunicacion@numax.org

C

Cinema

Filme
do mes



FIRST COW ESTREA 21 MAI

Kelly Reichardt, 121', ING, VOSG
Con John Magaro, Orion Lee

Oregon, cara a 1820. Un cocíñeiro, contratado para unha expedición de peles, coñece a King-Lu, un misterioso inmigrante chinés que foxe duns homes que o persegúen. A amizade entre ambos vai medrando aos poucos nun territorio hostil. Última creación da directora de *Old Joy* e *Wendy & Lucy*.

Sección Oficial Berlinale 2020



YALDA, A NOITE DO PERDON ESTREA 30 ABR

Massoud Bakhshi, 89', FR, VOSE, +12
Con Sadaf Asgari, Zakieh Behbahani

Maryam é sentenciada a morte tras matar accidentalmente o seu marido Nasser. A única persoa que pode salvala é Mona, filla de Nasser. Todo o que Mona ten que facer é aparecer nun popular programa de televisión en vivo e perdoar a Maryam.

Ψ Premio do Xurado Sundance 2019



EL OLVIDO QUE SEREMOS ESTREA 7 MAI

Fernando Trueba, 137', ESP, VO, +12
Con Javier Cámara, Aída Morales

Héctor Abad Gómez dedicou a súa vida á defensa dos dereitos humanos, ata a mesma noite que caeu asasinado. Fernando Trueba narra de xeito íntimo a vida deste carismático líder social, destacado médico e activista no polarizado e violento Medellín dos anos 70.

Ψ Mellor Filme Latinoamericano Goya 2020

El olvido que seremos,
Héctor Abad Faciolince
Alfaguara, 18.90€



QUO VADIS, AIDA? ESTREA 14 MAI

Jasmila Zbanic, 104', BS, VOSE, +16
Con Jasna Djuricic, Izudin Bajrovic

Bosnia, xullo do 1995. Aida traballa de tradutora para a ONU na pequena cidade de Srebrenica. Cando o exército serbio ocupa a vila, a súa familia está entre as miles de persoas que buscan refuxio nos campos da ONU

Ψ Nomeada a Mellor Filme
Internacional Oscar 2021



FILLOS DO SOL ESTREA 14 MAI

Majid Majidi, 99', FA, VOSE, +12
Con Shamila Shirzad, Ali Nassirian

Alí, un neno de 12 anos, e os seus tres amigos traballan para sobrevivir e axudar as súas familias facendo pequenos traballos nun garaxe. Nun milagroso xiro dos acontecementos, Alí recibe a encarga de atopar un tesouro oculto baixo terra.

¶ Mellor Actor Emerxente Venecia 2021



MÍA Y MOI ESTREA 28 MAI

Borja de la Vega, 104', ESP, VO
Con Eneko Sagardoy, Bruna Cusí

Tras perder a súa nai, Mía e Moi refúxianse nunha ruinosa casa familiar na metade da nada. Con eles, Biel, o mozo de Moi. Xuntos tentan repousar e sanar as feridas. Son días de recuperar recordos familiares, algúns dolorosos, de reencontrarse, de vivir sen presa.

¶ Sección Oficial D'A Film Festival 2021



FOCO

WILLIAM A. WELLMAN

UN REBELDE EN HOLLYWOOD

MARTES 11 | SÁBADO 15 | DOMINGO 16

OS MENDIGOS DA VIDA

(*Beggars of Life*, 1928, 100')

Con Wallace Beery, Louise Brooks

Jim é un vagabundo que se atopa coa escena do crime do propietario dunha pousada. Axiña descobre que a asasina foi a súa afillada Nancy á que estaban tentando forzar. A moza fuxirá da policía axudada por Jim. Para isto disfrazarase de home e adoptará o mesmo estilo de vida ca el.

MARTES 18 | SÁBADO 22 | DOMINGO 23

O INIMIGO PÚBLICO

(*The Public Enemy*, 1931, 84')

Con James Cagney, Jean Harlow

Tom Powers é un tipo listo e bravo que, xunto ao seu amigo Matt Doyle, se dedica ao contrabando de licor durante os violentos anos da Lei Seca. Xuntos irán escalando posicións no mundo do crime organizado ante a firme oposición das súas familias.

¶ Nomeado a Mellor Guión
Orixinal Oscar 1931

MARTES 25 | VENRES 29 | DOMINGO 30

NACEU UNHA ESTRELA

(*A Star Is Born*, 1937, 111')

Con Fredric March, Janet Gaynor

Esther Blodgett viaxa a Hollywood coa esperanza de ser actriz. Nunha festa na que traballa como camareira coñece a Norman Maine, un famoso actor en decadencia. Pouco despois casan, pero a felicidade vese eclipsada polo declive do actor e o fulgorante éxito de Esther.

🏆 Mellor Guión Oscar 1937

NUMAX

PETÍS NUMAX



JACOB, MIMI E OS CANS DO BARRIO **PASES ÚNICOS 9 E 23 MAI**

Edmunds Jansons, 70', LV, VOSE, +6

Jacob vive na cidade e soña converterse en arquitecto coma seu pai. Un día, un home de negocios empeza a escavar o parque central para construír un raiñaceos. Jacob e Mimi deciden paralo pero só poderán facelo coa axuda dunha manda de cans que... poden falar!

¶ Festival de Sevilla 2019



O BOSQUE DE HAQUIVAQUI

PASES ÚNICOS 16 E 30 MAI

Rasmus A. Sivertsen, 75', ESP, VE, +4

Claus, un rato moi trasto, e os seus amigos teñen medo do raposo Marvin e os demais depredadores que sempre os perseguen para tentar comedelos. A sorpresa chega cando, un bo día, o pacífico ourizo Horacio tenta comer a avoa de Claus.

¶ Mellor Filme Infantil Amanda Award 2017

PASES ESPECIAIS



CHARULATA **PASES ÚNICOS 4-8-9 MAI**

Satyajit Ray, 124', HI, VOSE, 1964

Con Madhabi Mukherjee, Sailen Mukherjee

Charu, unha muller da alta sociedade bengalí que leva unha vida ociosa, está casada con Bhupati. Este emprega o seu diñeiro para publicar un xornal político e séntese orgulloso de non terse deixado arrastrar pola comodidade e a desidia.

¶ Mellor dirección Berlinale 1965



AMNESIA 3.0 **PASE ÚNICO 27 MAI**

Irene Pin, 40', GAL, VO

Con Daniel Celester, Monti Castiñeiras

265-C érguese cada mañá para seguir o seu plan de actividades, sen lembrar o que aconteceu o día anterior. Axudadas por un software implantado nos seus cerebros, as persoas borran a información assimilada no apartado da memoria a curto prazo, deixando que as súas axendas electrónicas guíen a súa vida cotiá.

⌚ Presentación e coloquio co equipo do filme

INFORMACIÓN XERAL DE HIXIENE E PROTECCIÓN:



**Lava as mans con xel hidroalcólico
ao entrar no local**



**Se esbirras ou tuses, cubre a boca
e o nariz co cóbado flexionado**



**Mantén un mínimo de 1,5 metros
de distancia na cola do cinema**



Emprega a máscara hixiénica



**Entre sesións limpamos e desinfectamos
as butacas e as superficies de contacto
da sala e os aseos**



Entre sesións renovamos o aire da sala

RESERVA DE ENTRADAS

EACCESO Á SALA:



**Recomendamos que merques a entrada
anticipada en numax.org para axilizar
o acceso á sala**



**A cola de acceso ao cinema farase fóra do local
mantendo sempre a distancia recomendada**



**As portas de NUMAX abren 10 minutos antes
de cada sesión**



**A billeteira do cinema abre 10 minutos antes
de cada sesión. Agradecemos que pagues
coa tarxeta contactless ou co móvil**



**Valida a túa entrada no punto de lectura
de códigos QR**



**Ao remate da sesión, procura sair de maneira
ordenada e mantendo a distancia de seguridade**

HORARIOS

Libraría

Luns e de mércores a sábado
de 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:30h.
Martes de 16:00 a 20:30h.

Cinema

Sesións diarias. Consultar carteleira.
A billeteira abre 10 minutos
antes do inicio de cada sesión.
Pódense mercar entradas
anticipadas na nosa web
www.numax.org

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

 Síguenos en @numaxcoop

